

A HERDANZA DE CUNQUEIRO

Xosé Miranda

Escritor

doi:10.17075/mucnoc.2014.044



Cunqueiro é un antimoderno, no sentido persoal, estético e ideolóxico. O que conta é a memoria, o soño, a imaxinación, ademais da melancolía e unha certa nostalxia do Paraíso Perdido, que é a Idade Media europea, bizantina e islámica, ou se cadra o *ancien régime*. O mundo no que vivía non lle gustaba e identificaba o seu ideal cun mundo que evidentemente nunca existiu. Nunha actitude moi humana, en lugar de elixir como alternativa a utopía dun futuro mellor, escolle un pasado mellor (un pasado feito a medida). Como Borges, como Tolkien, como Lord Dunsany, e a lista de nomes non é casual. Por iso é un espellismo crer nun Cunqueiro fascista. O fascismo é unha ideoloxía moderna, aínda que non nos guste. Cunqueiro é conservador só porque refuga a modernidade. Hai que preguntarse se a mesma actitude vital non está presente en Valle, en Otero, en Chateaubriand, en d'Aureville. Do mesmo xeito, o seu galeguismo é de caste nostálgica e populista, nunca xamais de clase. Bota de menos o «Reino de Galicia». E dese xeito volve, paradoxalmente, a un xeito de utopía: a da Idade de Ouro. Cunqueiro está sempre soñando co outono da Idade Media, en título de Huizinga, de quen tanto fala. Pero enténdase ben: outono, no senso de plenitude, de idade dourada, de vendima, de colleita, de castañeira, de figo vendimo e de festas de San Froilán e das San Lucas. Cunqueiro está directamente relacionado coa tradición oral e cos modos narrativos orais porque puido escoitala na botica do pai. Pasou «toda la infancia a la escucha». Pero mentres Fole se nutre dos aspectos fantásticos da narrativa oral (da lenda en relación con pantasma, visións, bruxas), Cunqueiro desdénalos e prefire ben os máis realistas (o conto romántico e de costumes, mesmo coa xocosidade incluída), ben os maravillosos (o conto de fadas, os mitos de «outro mundo», de «tesouros», de trasnos, de mouros e ananos). Pero, ao dicir que prefire os aspectos relacionados con «outro mundo», (que está neste) xa estou dando unha clave ideolóxica e estética de Cunqueiro. A nostalxia da infancia mestúrase e confúndese coa nostalxia do pasado, do que só nos resta a tradición oral e os contos dos tempos de María Castaña. Por outro lado, os teóricos da literatura entenden (e é fácil comprobalo) que a lenda se relaciona coa literatura fantástica; o conto de fadas, en cambio, coa maravillosa. E fíxense nunha cousa:

a lenda transcorre sempre no tempo real, actual,; o conto e o mito, nun tempo alternativo ou fóra do tempo.

Precisamente, porque está incómodo co mundo, Cunqueiro non é un escritor realista. En consonancia con isto, a literatura de Cunqueiro non é literatura fantástica, é literatura do *marabilloso inverso*. Esa literatura é dun tipo novo en Galicia e, se cadra, no mundo. A Cunqueiro amólanlle os escritores naturalistas, os do realismo extremo, os do existencialismo, os da «náusea», os do realismo socialista, etc. Reproducimos o que di a propósito de Flannery O'Connor: «un libro cruel, que deixaba en la boca un sabor amargo. Cuando supe que miss O'Connor era católica de religión, me costó trabajo creerlo, porque es de la raza intelectual de esos que descubrieron que el agua apaga el fuego... En sus libros narra la vida de la gente de su comarca natal, que en ellos aparece avara, dura, embustera, lujuriosa, perversa, supersticiosa...». Cunqueiro é pondaliano e fundamente anticostumista. Dicar que as «semblanzas» de Cunqueiro son costumismo é mexar fóra do testo. Como aparecen retratados os labregos, os menciñeiros na súa obra? Eleva o pobo á categoría dos príncipes. E ve, no fondo do corazón humano, moito máis que outros. Ve fe, alegría de vivir, misterio, nostalxia, amor, saudade. Porque Cunqueiro distingue un río dun regato. Non hai lección de democracia coma esta. Velaí: Cunqueiro é un demócrata, porque nunca xulga ao pobo nin se pon por riba deste. Cunqueiro non era cego, pero quería soñar. No realismo (no senso en que vulgarmente se utiliza a palabra), preténdese reflectir o mundo real. Pero hai que advertir que o texto literario non mantén unha relación de referencia co mundo, como fai a linguaxe cotiá. Só é representativo de si mesmo. Non pode ser verdadeiro ou falso, real ou irreal, senón só coherente consigo mesmo ou non. Pretender que Cunqueiro é realista porque nos seus textos hai realismo de coherencia é baleirar a palabra realismo de todo contido. Naturalmente, en Cunqueiro hai ese realismo. E en Tolkien. E en Kafka. Pero, cando nos falan de realismo, pensamos en Carver, en Dickens, en Eça, en Zola, en Gorki, na Comedia Humana, en Blanco-Amor.

Vexamos algúns intentos de definición da literatura fantástica. Castex di: «O fantástico caracterízase por unha intrusión brutal do misterio no marco da vida real». Lovecraft: «un conto é fantástico se o lector experimenta un fondo sentimento de terror ou temor, a presenza de mundos e de presenzas insólitas». Roger Caillois: «produce unha impresión de estrañeza irreductible». *O fantástico é unha*

narración realista, na que se inclúe algo que non encaixa: unha pantasma, unha premonición. Pensemos en Maupasant, en Fole, en Henry James. Louis Vax di que o fantástico é a experiencia da interpenetración de dous mundos incompatibles. En definitiva, na auténtica literatura fantástica hai vacilación entre o real e o marabilloso ou entre o real e o ilusorio. Hai oposición e vacilación entre estes mundos en Cunqueiro? É evidente que non. O que hai é integración de ambos os dous mundos. En canto á técnica, o fantástico precisa da técnica de Poe ou Horacio Quiroga, o suspense, a liña ascendente, o punto culminante, o final pechado, a economía de medios. É iso o de Cunqueiro? Ademais, no fantástico, son continuas as insinuacións do final ao longo do texto. A temporalidade está absolutamente marcada. O final é inexorable. Pois ben, pódese ler a Cunqueiro de calquera maneira, saltando os capítulos, mesmo lendo primeiro, por erro, unha páxina ca outra no mesmo relato. Pero hai máis. O fantástico está ligado á aprehensión dos valores negativos. O mal é máis inquietante que o ben. Pero, en Cunqueiro, foxe do medo, o estraño, o negativo, a ansia, a náusea. Pode ser isto literatura fantástica? Se neste momento penso en *O corazón delator*, de Poe, teño que recoñecer que carecen de calquera parentesco.

Todorov sostén que a literatura fantástica está en contacto, por un lado, coa literatura do estraño, polo extremo contrario, coa literatura do marabilloso. Se a de Cunqueiro non é a do centro, se cadra, sexa algunha das outras dúas. Pois ben, xa que o estraño recolle situacións ambivalentes, angustiosas, desacougantes, terribles, non pode estar máis lonxe de Cunqueiro, quen apraciblemente fai que os dous mundos (o real e o marabilloso) coexistan sen límites e sen distorsións, como se a vida fose un espectáculo. Cando Cunqueiro narra sobre demos, ananos ou lobishomes, faino de xeito que lles dá carta de natureza e pasaporte para circularen por aquí como se nada. O que conta Cunqueiro é o contrario do estraño, está no outro extremo: o sobrenatural faise natural. Debemos considerar, polo tanto, que a de Cunqueiro é literatura do marabilloso? Pois, se cadra, tampouco. Se tomamos como exemplo do marabilloso *O señor dos aneis*, observamos inmediatamente as diferenzas. O de Tolkien é marabilloso puro, sucede nun mundo alternativo, inexistente, nun tempo moi afastado, nun lugar moi alongado, cando os animais falaban, tal vez (e as árbores andaban). *Merlín e familia* sucede neste mundo, ou noutro sospeitosamente similar, só que encadra nel todos os fenómenos do mito e todos os temas do fantástico e do marabilloso. Mais o mundo,

cos seus traballos e os seus días, as súas paisaxes, os seus nomes, a súa historia, as necesidades corporais (mesmo as máis íntimas), as súas obrigas, as súas comidas e as súas roupas, é este. O mundo si, o tempo non. Como, por outra banda, sucede nos contos de fadas e nos mitos. Diríamos que o de Tolkien é o marabilloso puro e o de Cunqueiro é o marabilloso cotián. Porén, como xa vimos, entre Cunqueiro e Tolkien hai moito máis en común, o seu antimodernismo, a súa dependencia da literatura oral, o seu gusto polo mito e pola mitoloxía popular, a súa mitificación da Idade Media. Non pode ser casualidade que coincidan dalgún xeito na literatura. Pero tampouco que Tolkien faga unha monumental novela e Cunqueiro, en troques, invente un xénero en certa maneira minimalista. En canto ao que é, o que fai Cunqueiro debería ser chamado do seguinte xeito: *marabilloso cotián, real marabilloso ou marabilloso inverso*. Sentado que estamos nos confíns da literatura do marabilloso, (non na fantástica nin na realista), trátase dun marabilloso diferente ao de *O señor dos aneis*. É un marabilloso cotián, pois está neste mundo, forma parte del e sucede nel, ben que integrando absolutamente o sobrenatural, o marabilloso, o mítico, o afastado polo tempo e polo espazo. É cotián, pois todas as cousas do común ocorren continuamente nel, recoñecemos a xeografía, a toponimia, os xantares, os falares, os vestires, os traballos, as obrigas, os intereses, mesmo os sexuais ou os escatolóxicos. Neste senso, as técnicas narrativas de Cunqueiro o que fan é presentar como normais situacións imposibles e para facelas verosímiles recorre a iso. «Desta vez, voume aos cagallós!» —di un dos seus personaxes. O humor, como os traxes ou os traballos, ten o papel de facer que o mundo marabilloso ancore no mundo real. É un gancho de Cunqueiro para coser ambos os dous mundos. Así, Mr. Flute come faragulladas con touciño. (Por certo, eu cominas moitas veces, eran un prato típico na comarca de Miranda e na casa dos meus bisavós.) Por iso, o que fai Cunqueiro é darlle a volta ao marabilloso. Do mesmo xeito que na literatura fantástica partimos do realismo e introducimos un factor desacougante, que nos pon en contacto co outro mundo e coa fantasía (como tal, un vampiro, unha estatua que se move), sen que por iso rompamos co mundo *real*, en Cunqueiro partimos da fantasía e moitos detalles (a fame, o sexo, a roupa, a escatoloxía) vannos aproximando ao mundo *real* sen que por iso rompamos co marabilloso. Cunqueiro foi quen de darlle a volta aos conceptos de literatura fantástica e do marabilloso, como se utilizase as técnicas invertidas.

É logo realismo máxico *avant la lettre*? Un mundo que semella este, pero que, se cadra, non o é, ou si. Unha narrativa parente da fantástica. Pero o realismo máxico é, primeiro, realismo e, segundo, asume o fantástico. Non se pode negar unha relación con Cunqueiro, mais o do mestre é outra cousa: Nin é realismo nin é fantástico, aínda que participe dos dous. Se un texto é fantástico ou marabilloso, ten por forza que ser moi realista, xa que se non é inverosímil. Pero non está aí a cuestión. A cuestión é que tanto en Cunqueiro como no realismo máxico hai unidade entre realismo e fantasía. O misterioso e o máxico forman parte da vida cotiá. Pero, no primeiro caso, a narración é realista e introduce algúns elementos do fantástico (Rulfo, Márquez), en cambio Cunqueiro é un escritor do marabilloso que introduce elementos da realidade. Xusto o contrario. Por que o realismo máxico sucede nun tempo próximo e real, mentres a obra de Cunqueiro se sitúa nun tempo irreal, afastado ou mesturado, isto é, nun tempo mítico?

Fagamos ver antes de seguir a enorme relación que no Señor Álvaro existe entre poesía e fantasía, entre verso e narración, que case sempre van acompañándose. Mesmo unha parte de *Herba aquí e acolá*, ese libro xenial, chámase *As historias*, porque o son. E precisamente o feito de ser a narrativa de Cunqueiro tan poética, tan preñada de imaxes e tan melancólica afásta definitivamente da alegoría. En Cunqueiro está o mito, o símbolo, a imaxe arquetípica, pero nunca a alegoría nin a sentenza. O compromiso de Cunqueiro coa súa visión do mundo, do ser humano, vai por outro camiño, polo camiño dos artificios que monta, que, porén, son ben transparentes. Só hai que escoitar o propio autor e non poñerse orelleiras dogmáticas nin semánticas para comprendelo. Despachar a Cunqueiro dicindo que é evasivo, que o que fai é literatura fantástica e artúrica é dunha preguiza mental que estarrece. Pola contra, defende claramente as súas ideas, literarias e políticas (ou mellor ideolóxicas. Ambas as dúas, a súa concepción da literatura, militante contra o realismo e o existencialismo, e a súa ideoloxía nostálgica son inseparables. E por iso Cunqueiro ten discípulos (discípulos si, seguidores non), entre a esquerda: pola súa defensa do soño e da imaxinación, pola súa incomodidade ou inadaptación co mundo, pola idea de que hai outros mundos (neste), pola súa defensa, en definitiva, da utopía (ben que a súa é doutro signo) e da dignidade humana, mesmo da dos máis febles e desamparados, dos máis humildes, das xentes do común (e isto non é contradictorio coa súa ideoloxía). Paradoxalmente, este antimoderno foi o máis moderno dos escritores, en canto ás

técnicas e en canto ás intuicións. Amaba a Eluard e non porque si. Só utilizando un concepto de novela que implique a volatilización do xénero pode admitirse que o que o mestre escribía fosen novelas. Non o son, ou son novelas medievais, precervantinas, ou son neobizantinas, ou son outra cousa, que é o que eu creo (como as súas cantigas son outra cousa, non son neomedievais). Tolkien devólvenos ao discurso lineal e á novela xigantesca (volve á saga, á epopea, á canción de xesta e ao mito, á Idade Media, literalmente), Cunqueiro ten sempre mil voces, cambia de rexistro, é un escritor barroco e metafísico, se cadra emparentado con Borges, quen tampouco escribía novelas e quizais por similar razón. Porque os dous leron moi ben a Marcel Schwob. Pero os relatos de Cunqueiro fan un tapiz, os de Borges están mutuamente illados. Borges é un xenio do relato. Cunqueiro, como Tolkien (pero de xeito disímil), constrúe un mundo. Adiántase aos que desestruturan a novela, aos que fan novela con relatos microcósricos. A Idade Media de Cunqueiro é literaria, finxida, nada heroica, nunca épica, pero moito máis simpática e viva que a real. En realidade, o que fai Cunqueiro é novo no seu tempo. Escribe unha especie de libro total, con todos os xéneros, todas as literaturas e todos os tempos dentro, unha especie de léxico ou dicionario da literatura (e non é casual a disposición final a xeito de índice e personaxes ou dicionario, que reescribe o libro). Noutra palabras, Álvaro, moito máis alá de ser precursor do realismo máxico sudamericano, inventa un xénero e unha literatura. *Novela léxico* chámalle o escritor serbio Milorad Pavic, autor do *Diccionario Jázaro*, ao seu propio libro.

O escritor máis cunqueirista do mundo é Pavic, máis que Perucho, que xa é dicir. Nunca en Galicia houbo escritores cunqueiristas, porque tratar de imitar a Cunqueiro é un suicidio, a súa sombra é nefasta. Porén, a algúns enchéuselles a boca (e a pluma) de atribucións de cunqueirismo e de arturismo. Nada diso. O que pasou foron tres cousas consecutivas e que cómpre aclarar dunha vez por todas. 1ª, Cunqueiro escribiu a contracorrente e despois veu a transición. O realismo social púxose de moda e algúns até dixeron que o do Cunqueiro era a Carabina de Ambrosio. E será. Pero o seu xenio nunca foi suficientemente recoñecido. Quedou sepultado baixo a poesía social (ollo!, algunha é de enorme calidade. Xa chega de péndulos de balanza). Máis tarde recuperouse, brillou tanto que deixou a algúns medio cegos. Pero non se asimilou. Pasou a ser un «mito pertinente», tal como o mesmo arturismo... bo para botarlle a man cando non se sabe que dicir.

2ª, o descoñecemento do que é a literatura do marabilloso e mesmo a incompreensión de Cunqueiro produciron que todo o que fose dese tipo se clasificase como cunqueirista, como se non existisen Schwob, Tolkien, Le Guin, Dunsany, Leiber, Jack Vance, Peake, Calvino, *Alfanhuí*, os contos marabillosos, a literatura oral, as Mil e unha noites e Xosé Luís Méndez Ferrín. 3ª, impúxose despois outra *retromoda*, a do «realismo suxo» que é puro costumismo. Os que escribíamos á contra eramos invisibles... ou cunqueiristas... ou artúricos. Eses teóricos da literatura cualificarían de artúrico ou de cunqueirían ao mesmo Ludovico Ariosto, se saben quen é ou se se molestaron en lelo.

